

FRANKENSTEIN  
OU O PROMETEO MODERNO  
Mary Shelley

*Tradución de Samuel Solleiro*



Aira

## Nota do tradutor

Esta tradución toma como base a primeira edición de Frankenstein, a de 1818, considerada a de referencia nas últimas décadas.

Á parte de certas diferenzas de contido, que son notorias sobre todo nos primeiros capítulos da obra, nesa edición non constaba autoría ningunha no libro (acaso para evitar que, ao estar asinado por unha muller, non fose tomado en serio na época). Aquí mantense, obviamente, o nome da autora, pero pareceume importante que tanto na dedicatoria coma no prefacio —este último, de feito, escrito por Percy B. Shelley, marido da autora— se mantivese a ambigüidade de xénero que posúe o orixinal. Para iso substituíñ en ambos paratextos a expresión «the author», válida para ambos xéneros en inglés, pola primeira persoa do singular. En todo o demais, o texto respecta a edición de 1818 e só recorre moi puntualmente a outras posteriores en casos de grallas evidentes, lingüísticas ou de coherencia interna (por exemplo, datas).

As notas a rodapé son todas miñas salvo unha, da autora, e limítanse a indicar a procedencia das citas literarias explícitas —isto é, as indicadas entre aspas ou en parágrafo á parte— que hai no texto orixinal.

Londres:  
IMPRESO POR  
LACKINGTON, HUGHES, HARDING,  
MAVOR e JONES,  
FINSBURY SQUARE.  
1818.

A  
WILLIAM GODWIN,  
AUTOR DE XUSTIZA POLÍTICA,  
CALEB WILLIAMS, etc.  
dedícolle respectuosamente  
ESTES VOLUMES.

## PREFACIO

O Dr. Darwin e outros tratadistas alemáns de fisioloxía consideran que os acontecementos en que se basea esta ficción non son de todo imposibles. Non pense ninguén que eu lles concedo a máis mínima credibilidade a tales ideas, pero en todo o caso, ao tomalas como alicerce para unha obra de fantasía, non me limitei a entretecer unha serie de terrores sobrenaturais. O acontecemento que constitúe o principal interese desta historia non adoece dos defectos propios dun simple conto de fantasmas ou de encantamentos. Ten a vantaxe da novidade das situacións que expón e, malia tratarse dunha historia imposible dun punto de vista físico, ofrécelle á imaxinación unha perspectiva desde a cal retratar as paixóns humanas de forma máis exhaustiva e vantaxosa do que permitiría o simple relato duns sucesos reais.

Así, intentei preservar a verosimilitude dos principios elementais da natureza humana, aínda que non tiven escrúpulos á hora de innovar nas súas combinacións. A *Ilíada*, a poesía trágica grega, Shakespeare, n'*A tempestade* e no *Soño dunha noite de San Xoán*, e moi especialmente Milton, n'*O paraíso perdido*, adecúanse a esta regra; así, calquera novelista máis humilde que aspire a distraer, ou a distraerse, co seu traballo, pode tamén, sen presunción, pola súa parte, empregar na narrativa de ficción unha licenza —ou máis ben unha regra— grazas á cal tantas exquisitas combinacións de sentimentos humanos resultaron nas formas máis elevadas de poesía.

A situación en que se basea a miña historia xurdiu nunha conversa informal. Iniciouse en parte como un entretemento e en parte como un pretexto para exercitar os recursos inexplorados da mente. A medida que o traballo avanzaba, a eses motivos sumáronselles outros. Non son en absoluto indiferente á forma en que as orientacións morais presentes nos sentimentos e per-

sonaxes que a obra contén poidan afectar o lector; así e todo, a miña preocupación principal a este respecto limitouse a evitar os irritantes efectismos das novelas de hoxe en día e a mostrar as bondades dos afectos familiares e as excelencias da virtude universal. Non debe considerarse en ningún caso que as opinións que se derivan naturalmente do carácter e da situación do protagonista se corresponden coas miñas propias ideas, nin debe inferirse que as páxinas seguintes conteñen predisposición ningunha cara á doutrina filosófica que for.

É tamén particularmente importante para min que esta historia se comezase a escribir na magnífica rexión onde teñen lugar a maioría dos sucesos, e nunha compañía que non podo senón botar de menos. Pasei o verán de 1816 nos arredores de Xenebra. A estación foi fría e chuviosa; ás tardiñas xuntabámonos á calor da chimenea e en ocasións entretinámonos lendo unhas historias alemás de fantasmas que caeran nas nosas mans. Esas historias espertaron en nós o desexo lúdico de imitalas. Eu, con outros dous amigos (e un conto saído da pluma de calquera deles sería ben máis satisfactorio para o público ca nada que poida eu aspirar a escribir xamais), acordamos escribir cadansúa historia baseada nalgún suceso sobrenatural.

No entanto, de pronto mellorou o tempo; os meus dous amigos marcharon de excursión polos Alpes e, por causa das magníficas paisaxes que presenciaron, esqueceron completamente as súas visións espectrais. A historia que segue é a única que acabou por rematarse.

Marlow, 1817

# VOLUME I

## CARTA I

Para a Sra. Saville, Inglaterra.

San Petersburgo, 11 de decembro de 17\*\*.

Hache alegrar saber que non houbo ningún contratempo no inicio dun proxecto que considerabas cargado de tan malos presaxios. Cheguei aquí onte, e a miña primeira obriga, querida irmá, é confirmarche que estou ben e que confío cada vez máis no éxito da miña empresa.

Estou xa moi ao norte de Londres e, mentres camiño polas rúas de San Petersburgo, acaríciame as meixelas un corisco que me fortalece o ánimo e me enche de gozo. Entendes o que sinto? Esta brisa, que vén desde as rexións a que me encamiño, é un anticipo do seu xélido clima. Alentadas por este vento cargado de promesas, as miñas fantasías vólvense máis fervorosas e vívidas. Intento convencermes de que o polo é o reino do xeo e da soidade, pero é en van: na miña imaxinación aparece sempre como a terra da beleza e do pracer. Alí, Margaret, o sol está sempre á vista; o seu amplo disco bordea o horizonte e irradia un resplandor perpetuo. Alí —pois co teu permiso, miña irmá, vou darlles certo crédito aos navegantes que me precederon—, a neve e mais o xeo están ausentes, e navegando por un mar en calma, pode levarnos o vento até unha terra que supera en marabilhas e en fermosura calquera das rexións descubertas até hoxe no mundo habitado. Acaso as súas paisaxes e os seus recursos sexan únicos, como o son, sen dúbida, os fenómenos dos corpos celestes nestas soidades ignotas. Que non podemos esperar dunha terra eternamente iluminada? Talvez alí descubra a portentosa forza que atrae a agulla do compás e dea trazado as regras dun milleiro de observacións celestes que só precisan desta viaxe para que as súas aparentes irregularidades se volvan coherentes para sempre. Saciarei a miña ardente curiosidade

vendo unha zona do mundo nunca antes visitada, e pisarei unha terra onde xamais pé humano deixou rastro. Estas son as miñas motivacións, e abundan para aplacar calquera medo ao perigo ou á morte, e mais para incitarme a emprender esta dura viaxe coa alegría dun cativo que monta nun barquiño, cos seus compañeiros de xogos, nunha expedición para remontar o río local. Pero, aínda que todas estas conxecturas fosen falsas, non se poden negar os impagables beneficios que lle proporcionarei a toda a humanidade, até a última xeración, cando descubra unha ruta preto do Polo para chegar a esas rexións onde actualmente leva tantos meses chegar, ou cando resolva o segredo dos imáns; algo que, de ser posible, só se pode levar a cabo mediante unha empresa coma a miña.

Estas reflexións calmaron o frenesí con que comecei a miña carta, e sinto arder o corazón cun entusiasmo que me eleva ao ceo. E é que nada contribúe tanto a acougar a mente coma un propósito firme: un punto en que a alma poida fixar o seu ollar intelectual. Esta expedición foi o soño predilecto dos meus anos mozos. Lin con paixón os relatos das diversas viaxes que se organizaron coa intención de chegar ao Pacífico Norte a través dos mares que rodean o Polo. Talvez lembres que o bo do noso tío Thomas tiña por toda biblioteca unha historia de todas as viaxes de descuberta que se emprenderon. A educación que recibín foi desleixada, pero sempre fun un grande afeccionado á lectura. Estudaba aqueles libros día e noite, e a miña familiaridade con eles só agravou a aflición que, xa de cativo, sentira ao saber que a última vontade do noso pai fora prohibirlle ao tío que me deixase botarme á vida de mariñeiro.

Esas quimeras esvaecéronse cando por primeira vez lin con detemento aqueles poetas que extasiaron a miña alma coas súas efusións até elevála ao máis alto. Fíxenme poeta eu tamén, e vivín un ano nun paraíso da miña propia invención. Imaxinaba que tamén eu podía ocupar un lugar no templo onde se veneran os nomes de Homero e de Shakespeare. Ti ben sabes do meu fracaso e do moito pesar que me produciu este desengano. Pero



xusto nese momento herdei a fortuna do noso curmán e os meus pensamentos volveron ao rego.

Pasaron seis anos desde que decidín emprender este proxecto. Aínda hoxe lembro o momento en que resolvín consagrarme a esta grande empresa. Comecei por afacer o corpo ao sacrificio. Acompañei os baleeiros en varias expedicións ao mar do Norte e soportei voluntariamente o frío, a fame, a sede e a falta de sono; durante o día traballaba, con frecuencia, máis duro ca os demais mariñeiros, e ás noites consagrábame ao estudo das matemáticas, á teoría da medicina e ás ramas das ciencias físicas das cales un aventureiro do mar pode tirar maior proveito práctico. Enroleime como suboficial nun baleeiro groenlandés en dúas ocasións, e defendíame perfectamente. Debo confesar que sentín certo orgullo cando o meu capitán me ofreceu ser o segundo de a bordo no barco e me pediu encarecidamente que ficase, de tan valiosos que consideraba os meus servizos.

Acaso non merezo agora, querida Margaret, lograr o meu grande obxectivo? Puiden pasar a vida rodeado de comodidades e luxos, pero preferín a gloria a canta tentación puxo a riqueza no meu camiño. Oh, oxalá unhas palabras de alento me respondesen que si! O meu valor e a miña decisión son firmes, pero as miñas esperanzas vacilan e o meu ánimo decae con frecuencia. Estou a piques de emprender unha longa e dificultosa viaxe cuxas adversidades esixirán toda a miña fortaleza: xa non é que estea obrigado a levantar o ánimo dos demais, senón que haberá veces en que teña que manter o meu, cando o deles desfaleza.

Esta é a época máis favorable para viaxar por Rusia. As zorras esvaran veloces pola neve; o movemento é agradable e, ao meu ver, moito máis pracenteiro ca o dunha dilixencia inglesa. O frío non é excesivo se te envolves en peles, unha indumentaria que non tardei en adoptar, pois hai unha gran diferenza entre andar camiñando pola cuberta e ficar horas sentado sen te mover nin facer exercicio ningún que evite que se che conxele o sangue nas veas. Non teño a menor intención de perder a vida na ruta entre San Petersburgo e Arkhanguelsk.

Partirei cara a esta última cidade en dúas ou tres semanas, e a miña intención é fretar alí un barco, cousa que debería ser fácil se lle pago o seguro ao propietario, e contratar tantos mariñeiros como considere necesarios de entre os que teñan experiencia na caza da balea. Non teño idea de facerme ao mar até o mes de xuño... E cando volverei? Ai, querida irmá, como vou responder esta pregunta? Se teño éxito, pasarán meses e meses, talvez anos, até que ti e mais eu nos vexamos. Se fracaso, hasme ver pronto. Ou nunca.

Adeus, benquerida, estimadísima Margaret. Que o ceo te cubra de bendicións, e que a mín me protexa, para que poida declarar unha e mil veces a miña gratitudo por todo o teu cariño e a túa bondade.

O teu amantísimo irmán,  
R. Walton